

FASCINACIÓN

Brian De Palma, 1976

1149

ESTREA EN NUMAX: 08.08.2023 | V.O.S.E. | 98 min

Michael Courtland (Cliff Robertson), un importante home de negocios de Nova Orleáns, perde a súa muller Elizabeth (Genevieve Bujoid) e a súa filla de nove anos no fatal desenlace dun tráxico secuestro. Moitos anos despois, durante unha viaxe por Italia cun socio seu (John Lithgow), queda fascinado ao coñecer a Sandra, unha moza que é o vivo retrato da súa muller.

Un thriller psicológico co que Brian de Palma á dirección, Paul Schrader no guión e Bernard Herrmann coa súa música renderon o seu particular tributo a Vertigo.

«Excelente montaxe, memorable uso da cámara, áxil guión e unha música perfecta»

Fernando Morales, EL PAÍS



No límite da loucura

Por Lou Lumenick

Cando vin por vez primeira *Fascinación* as miñas expectativas eran baixas pois os filmes que tiña visto de Brian De Palma, mesmo os máis recoñecidos -*Carrie* (1976), *Impacto* (1981)- sempre me pareceron sobrevalorados. Tamén había sobradas razóns para pensar que *Fascinación* había palidecer en comparación coa obra da que colle directamente inspiración, *Vertigo* (1958), de Alfred Hitchcock, un dos meus filmes favoritos que vin unha ducia de veces polo menos.

Porén, resultou ser unha das experiencias cinematográficas máis satisfactorias e absorbentes en tempo. Díciase que o propio Hitchcock estaba anoxado co filme, sobre todo porque De Palma contratou a Bernard Herrmann, compositor das bandas sonoras máis célebres do autor británico con quen non se falaba tras unha forte discusión en *Cortina rasgada* (1966).

Aínda hoxe hai fotografías que recordan o cortexo italiano dos personaxes interpretados por Cliff Robertson e Genevieve Bujold, que nunca estiveron mellor nunha pantalla. O filme comeza coa celebración dun aniversario de vodas en Nova Orleans, en 1959, onde se nos presenta a Robertson como especulador de bens raíces xunto co seu socio, o sempre amable John Lightgow. Pouco despois, Bujold e a filla da parella, de 10 anos, son secuestradas. Mesmo o espectador menos espelido de 1976 podía adiviñar axiña o poderoso misterio ao que se abría o filme. Pero De Palma, como Hitchcock, estaba menos interesado no misterio ca no suspense. As segundas oportunidades e a idea do *doppelganger* son recorrentes no cinema de Hitchcock e no de De Palma, pero nunca se empregaran de maneira tan sorprendente e delicada.

Na súa estrea, *Fascinación* recibiu críticas para todos os gustos, houbo quen afeou duramente a imitación de Hitchcock se ben co paso dos anos somos máis os que opinamos que cineastas como De Palma comentan o traballo dos deus predecesores para acadaren a súa propia linguaxe. Tamén houbo queixas sobre a verosimilitude do final, que emprega a famosa toma de 360 graos de Hitchcock con James Stewart e Kim Novak e convérteo nunha serie de fermosos xiros panorámicos arredor de Robertson e Bujold (nun aeroporto con seguridade moi anterior ao 11 de setembro). Porén, o final de *Vertigo* non é máis crible, ambas son fantasías que suceden na imaxinación do protagonista.

O que me encanta de *Fascinación* é que é posible emocionarse e mesmo identificarse con Cliff Robertson mesmo cando a súa obsesión pola defunta esposa chega ao límite da loucura. Isto é algo que nunca sentín cos filmes de De Palma a quen sempre tiveron por un dos cineastas máis fríos e cínicos da súa xeración. O outro elemento que fai destacar a *Fascinación* é o seu guionista, o gran Paul Schrader. Lamentablemente Schrader e De Palma non volveron traballar xuntos, seica De Palma decidiu descartar un epílogo situado unha década despois da historia principal, o que provocou a ira do guionista.

Recordo que só falei unha vez en persoa con Brian De Palma, nunha festa de presentación da súa comedia *Dous tipos xeniais* (1986). Parecía desconcertado pola miña devoción cara ao que el consideraba un dos seus menores filmes.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Carrie,
Brian de Palma.
Metro Golden Mayer [DVD]

*Vertigo (de entre los
muertos)*,
Alfred Hitchcock.
Universal Pictures 2002